



Plan de Continxencia do CPR Plurilingüe Franciscanos Coruña

Versión 03 – 30 de Outubro 2021

1 INTRODUCCIÓN.

O presente documento, ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula /etapa educativa/centro.

DATOS DO CENTRO EDUCATIVO:

Razón social: FRANCISCANOS FRAILES MENORES - PROVINCIA FRANCISCANA DE SANTIAGO

Domicilio social: Avda. Calvo Sotelo nº 41

2 ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN ABROCHO.

1.- Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con Covid-19, así como aqueles as que así lle lo indique a CSC de acordo co Protocolo de Vixilancia e Control Epidemiolóxico fronte ao virus SARS-CoV-2 (COVID-19) no ámbito educativo non universitario de Galicia (<http://coronavirus.sergas.gal>).

2.- Diante dunha persoa que desenvolva síntomas compatibles coa COVID-19 no centro educativo seguirase o protocolo de actuación do centro previamente elaborado:

- Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levaráselle á sala de Covid destinada ao efecto ata a recollida por parte da familia. Esta disporá de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico, máscaras de reposición e papeleira de pedal. Será necesario contactar coa persoa responsable do manexo da Covid-19 no centro educativo e cos familiares ou titores legais.
- A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado:
 - Máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva.
 - De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houberse dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla.

Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada. A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo.

O centro contará cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.

3.- En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

4.- No suposto da aparición dun caso, nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19, a petición dos servizos de saúde a través de EduCOVID, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos

contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.

5.- A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar una consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.

6.- Tras a aparición dun caso diagnóstico de Covid-19 seguiranse as recomendacións da CSC e, no caso de gromos, da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que no centro teña que estar illada una parte deste (parte dun grupo, aula ou grupo de aulas), mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contaxios identificados en cada abrocho.

- Xefatura Territorial da Consellería de Sanidad de A Coruña
 - Cristina Fernández Pérez (Xefa Territorial)
 - Durán Loriga 3
 - 15003 A Coruña
 - Tel:981155861 Fax:981155801
 - Correo: xefaterritorialsanidadecoruna@sergas.es

7.- A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación deteminará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ó equipo Covid do centro para a súa comunicación o resto da comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8.- A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordena o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade.

9.- A aparición dun caso sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria.

10.- A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo, na resolución que se dite aos efectos do Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 así como para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da Covid-19, relativas ao ensino a distancia.

3 ACTUACIÓN PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.

1.- O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado a través da aula virtual Google Classroom para os cursos de 3º de Primaria a 4º de Secundaria. O profesorado realizará o seguemento do alumnado impartindo os contidos de cada materia de xeito virtual. O profesorado poderá asignar tarefas ao alumnado que reforcen determinados temas ou permitan a avaliación continua da mesma.

2.- O equipo Covid identificará ao alumnado que teña problemas de conexión ou falla de equipamento e porao en coñecemento da Consellería para que esta adopte medidas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizadas por medios telemáticos.

3.- Para cada caso concreto da suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de avaliación.

4.- Durante o período de suspensión da actividade presencial, o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

a) No caso dun ou varios alumnos/as dunha clase confinados ou en corentena: o alumnado poderá enviar as súas tarefas aos profesores e recibir actividades e material didáctico a través da plataforma Google Classroom. Según o criterio do profesorado, tamén poderá unirse ás súas clases de forma telemática, a través do enlace da aplicación Meet que lle facilitará cada profesor.

b) No caso dunha clase enteira en corentena: o grupo clase recibirá clases telemáticas a través da plataforma Classroom no seu horario habitual, según o criterio do profesor, e cos profesores ordinarios. O profesorado realizará un seguimento do alumnado impartindo os contidos a través da aula virtual. Terán comunicación coa titora e co resto do profesorado a través do correo electrónico.

c) No caso dun confinamento xeral de varias aulas ou do centro educativo por parte das autoridades sanitarias, os alumnos recibirán clases telemáticas nun horario adaptado e específico que se inclúe seguidamente. As titoras estarán en contacto cos alumnos e as súas familias a través do correo electrónico e da aplicación Abalar. Periódicamente estableceranse sesións específicas de titoría e orientación, atendendo, entre outras cousas, ao Plan de Acción Titorial.

- Establécese o seguinte horario de clases, para os cursos de 3º a 6º de Educación Primaria, mediante videoconferencia desde a aplicación *Meet*, vinculada á plataforma educativa Google CLASSROOM:

Plan de Continxencia do CPR Plurilingüe Franciscanos Coruña

CURSOS	Horario	Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes	Horario viernes	
3º Ed. Primaria	09:30-10:10	Matemáticas	Lengua	Galego	Matemáticas	Lengua	09:30-10:10	
	10:10-10:50	Matemáticas	Galego	Galego	Matemáticas	PE	10:10-10:50	
	10:50-11:20	RECREO						10:50-11:20
	11:20-12:10	Galego	Naturais	Música	Sociais	Naturais	11:20-12:10	
	12:10-12:50	Sociais	English	PE	Lengua	Plástica	12:10-12:50	
	12:50-13:10	Sociais	English	Lengua	English			
4º Ed. Primaria	09:30-10:10	Lengua	Matemáticas	Lengua	Galego	Música	09:30-10:10	
	10:10-10:50	Lengua	Matemáticas	Naturais	Galego	Matemáticas	10:10-10:50	
	10:50-11:20	RECREO						10:50-11:20
	11:20-12:10	Matemáticas	Religión	Naturais	Sociais	English	11:20-12:10	
	12:10-12:50	Galego	Sociais	English	PE	Plástica	12:10-12:50	
	12:50-13:10	Galego	PE	English	Lengua			
5º Ed. Primaria	09:30-10:10	Galego	Lengua	Matemáticas	Galego	English	09:30-10:10	
	10:10-10:50	Galego	Lengua	Música	Galego	English	10:10-10:50	
	10:50-11:20	RECREO						10:50-11:20
	11:20-12:10	Matemáticas	English	Lengua	Lengua	Matemáticas	11:20-12:10	
	12:10-12:50	Sociais	Matemáticas	Sociais	Matemáticas	PE	12:10-12:50	
	12:50-13:10	Religión	Naturais	Plástica	PE			
6º Ed. Primaria	09:30-10:10	Matemáticas	Matemáticas	Lengua	Matemáticas	Matemáticas	09:30-10:10	
	10:10-10:50	Sociais	Naturais	Matemáticas	Naturais	Música	10:10-10:50	
	10:50-11:20	RECREO						10:50-11:20
	11:20-12:10	Lengua	Galego	Sociais	Religión	PE	11:20-12:10	
	12:10-12:50	English	Lengua	Plástica	English	Galego	12:10-12:50	
	12:50-13:10	English	Comunicación	PE	Sociais			

- Establécese o seguinte horario de clases en Educación Secundaria, mediante videoconferencia desde a aplicación Meet vinculada á plataforma educativa Google CLASSROOM:

CURSOS	Horario	Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes	
1º SECUNDARIA	09:00-09:40	English	Bioloxía e Xeoloxía	Matemáticas	Bioloxía e Xeoloxía	Francés	
	09:40-10:20	Lengua	PE	Relixión	Lengua	English	
	10:20-11:00	Bioloxía e Xeoloxía	Lengua	Lengua	Matemáticas	Bioloxía e Xeoloxía	
	11:00-11:40	Galego	English	Francés	Visual Arts	Comunicación	
	RECREO 11:40- 12:00						
	12:00-12:40	Matemáticas	Matemáticas (D)	Xeografía	Galego	Xeografía	
	12:40-13:20	Visual Arts	Matemáticas (D)	PE	Galego	Galego	
	13:20-14:00	Tutoría			Xeografía		
2º SECUNDARIA	09:00-09:40	Matemáticas (D)	Francés	English	Tecnoloxía	Matemáticas	
	09:40-10:20	Matemáticas (D)	Matemáticas	Lengua	PE	Física y química	
	10:20-11:00	Relixión	Física y química	Lengua	Tutoría	Francés	
	11:00-11:40	English	Galego	Física y química	English	Lengua	
	RECREO 11:40- 12:00						
	12:00-12:40	Tecnoloxía	Music	Matemáticas	Xeografía	Galego	
	12:40-13:20	Galego	PE	Tecnoloxía	Xeografía	Music	
	13:20-14:00	Xeografía			Oratoria		
3º SECUNDARIA	09:00-09:40	Matemáticas	Lengua	Galego	Lengua	Lengua	
	09:40-10:20	Tecnoloxía	Física y química	PE	Galego	Matemáticas	
	10:20-11:00	Bioloxía e Xeoloxía	Tecnoloxía	Matemáticas	Francés	Física y química	
	11:00-11:40	Relixión	Matemáticas (D)	English	English	English	
	RECREO 11:40- 12:00						
	12:00-12:40	Galego	Xeografía	Bioloxía e Xeoloxía	Visual Arts	Music	
	12:40-13:20	Francés	Music	Xeografía	Visual Arts	Xeografía	
	13:20-14:00	PE			Tutoría		

Plan de Continxencia do CPR Plurilingüe Franciscanos Coruña

CURSOS	HORAS	Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes	
4º SECUNDARIA	09:00-09:40	Matemáticas	Física y química	Biología/ Economía	Matemáticas	Física y química	
	09:40-10:20	PE	Matemáticas	Francés	Matemáticas (D)	Lengua	
	10:20-11:00	Francés	Visual Arts	English	English	Galego	
	11:00-11:40	Biología/ Economía	Visual Arts	Galego	PE	Xeografía	
	RECREO 11:40- 12:00						
	12:00-12:40	Xeografía	Galego	Lengua	Biología/ Economía	English	
	12:40-13:20	Xeografía	Lengua	Tutoría	Física y química	Francés	
	13:20-14:00	Religión			Visual Arts		

d) Ao alumnado de Educación Infantil e os dous primeiros cursos de Primaria facilitaráselle, a través da plataforma/aula virtual, actividades e tarefas semanais para que poda continuar no seu domicilio co seu proceso educativo. Ademáis estableceranse con regularidade videoconferencias para realizar o seguemento do traballo escolar e favorecer a comunicación e interacción social entre o grupo así como o seu desenvolvemento emocional.

INFANTIL	<i>Meets</i> organizados polo profesorado mediante invitación ao correo electrónico do alumnado.
1º Ed. Primaria	<i>Meets</i> organizados polo profesorado mediante invitación ao correo electrónico do alumnado.
2º Ed. Primaria	<i>Meets</i> organizados polo profesorado mediante invitación ao correo electrónico do alumnado.

e) Atención á Diversidade: ao alumnado con NEAE convocaráselle en sesións individualizadas para traballar contidos específicos, utilizando unha metodoloxía adaptada ás súas necesidades educativas.

4 MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva. O modelo a aplicar correspóndelle a Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.